



ORDENANZA FISCAL Nº II.14 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS ESPECIAIS OU TRANSPORTES

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR SERVICIOS ESPECIAIS OU TRANSPORTES, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servicios especiais, de competencia municipal, a instancia de parte:

a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos e espaxamento público que, pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoque ou polas necesidades de ordena-lo acceso e saída do público e vehículos así o esixan.

b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través do casco urbano.

c) Calquera outros servicios especiais que sexan motivados por outras actividades que esixan a súa prestación.

2.- A estes efectos entenderanse prestados a instancia de parte os referidos servicios cando estes foran provocados polo particular ou redunden no seu beneficio aínda que non mediara ningunha solicitude.

3.- Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa do servizo de emerxencias as actividades de prevención en xeral, realizadas a instancia do propio Servizo, nin os servicios de emerxencias que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, e as Entidades ás que se refire o Artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

a) Titulares, empresarios ou organizadores, no seu caso, do espaxamento que motiven ou obriuguen a este Concello a prestar os servicios especiais sinalados no artigo anterior.

b) Titulares da empresa dos servicios de transporte e, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.



c) Peticionarios dos demais servizos especiais e provocadores ou beneficiarios dos mesmos, aínda que non os soliciten.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1.- Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Art.5:

1.- Os beneficiarios das prestacións de servizos derivados do contido nesta Ordenanza aplicaráselle unha cota fixa de..... 53,65 €.

2.- Na prestación dos servizos sinalados no art. 2.1 non relacionados co servizo de xestión de emerxencias:

- Por cada persoa afecta ao servizo..... 10,10 €.
- Por cada vehículo afecto ao servizo..... .19,45€.

3.- Outros custos derivados da prestación dos servizos do art. 2 que se sumarán, no seu caso, aos apartados 1 e 2, conforme ao contido no informe do servizo municipal correspondente que deba ser emitido e ao que se fai referencia no art. 8.2 desta ordenanza.

4.- Na prestación dos servizos relacionados co servizo de xestión de emerxencias aplicaránse as seguintes tarifas:

A.-PERSONAL	
ENCARGADO-XEFE DO SERVIZO	35,65 €/h ou fracción
XEFE DE TURNO	28,50 €/h ou fracción
PEON	18,30 €/h ou fracción
B.-VEHICULOS	
NODRIZA, AUTOESCALA, AUTOBRAZO e asimilados	66,15 €/h ou fracción
AUTOBOMBA DE EXTINCION: BUL, BRP, BRL, BUP e análogos.	50,90 €/h ou fracción
VEHICULOS LIXEIROS DE SALVAMENTO E TRANSPORTE: FSU, VTL e asimilados.	25,45 €/h ou fracción
AMBULANCIA	66,15 €/h ou fracción



EMBARCACION DE RESCATE DE ATA 6m.	73,30 €/h ou fracción
EMBARCACION DE RESCATE DE MAIS DE 6m.	147,60 €/h ou fracción
C.-EQUIPAMENTO	
EQUIPO DE RESPIRACION AUTONOMA (ERA)	20,35 €/unidade
GRUPO ELECTROXENO DE ATA 8 KVA.	31,55 € fixo + 16,30 €/h
EQUIPO DE ILUMINACION	20,35 €/h
TURBO-VENTILADOR	35,65 €/h
MOTOSERRA,MOTODISCO,OXICORTE ou similar.	17,30 €/h ou fracción
BOMBA DE ACHIQUE	20,35 €/h ou fracción
XERADOR DE ESCUMA	40,70 €/h ou fracción
DETECTOR DE GASES E CAMARA TERMICA	40,70 €/h ou fracción
EQUIPO DE SUBMARINISMO	50,90 €/h ou fracción
EQUIPO DE RESCATE EN ALTURA-SUBSOLO	35,65 €/h ou fracción
EQUIPO DE EXCARCERACION	86,55 €/h ou fracción
HOSPITAL DE CAMPAÑA	152,70 €/fixo + 24,45 €/h.
TRAMO DE MANGUEIRA DESPREGADO	17,30 €/unidade
MATERIAL LIXEIRO	2,05 €/unidade
METRO DE VALADO DE PERIMETRO DE SEGURIDADE	3,05 €/dia
D.-CONSUMIBLES	
ESPUMOXENO	9,15 €/litro
DISPERSANTE/DESENGRASANTE	9,65 €/litro
ABSORBENTE HIDROCARBUROS	6,10 €/Kg
CARGA BOTELLA DE AIRE COMPRIMIDO	7,15 €/unidade
EXTINTOR	43,75 €/unidade



Cando sexan varios os beneficiarios ou provocadores da prestación do servizo, prorratearase entre todos eles a partes iguais.

Cando a prestación do servizo teña lugar fora do termo municipal, a cota a satisfacer incrementarase 1'00 €/Km percorrido, ida e volta, dende a saída do vehículo do parque ata o lugar de prestación do servizo.

Nas extincións de incendios en locais onde haxa sustancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, cando as administracións competentes na materia determinen tales condicións, recargarase a cota resultante pola prestación do servizo nun 100%.

5.- A aplicación da presente Taxa enténdese sen prexuízo das taxas que correspondan por ocupación do dominio público municipal ou por corte de tráfico.

EXENCIONES

Artigo 6:

Están exentos do pago da taxa os servizos prestados ou transportes realizados polo Estado, a Comunidade Autónoma e a Provincia.

Non se esixirá a taxa a aquelas familias ou persoas física que non conten con recursos para facer fronte para o pagamento da taxa, previo informe dos Servizos Sociais Municipais.

DEVENGO

Artigo 7:

1.- Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuír, cando se inicie a prestación de servizos, entendendo a estes efectos que esta iniciación prodúcese de conformidade co establecido no artigo 2.2.

2.- Non obstante o anterior, poderase esixi-lo importe da taxa no momento da presentación da solicitude polo interesado e de conformidade co informe do Servizo correspondente.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8:

1.- Quen se propoña celebrar espectáculos públicos ou os que motiven a prestación de servizos regulados nesta Ordenanza, presentarán no Concello a correspondente solicitude de autorización, de conformidade co establecido no Artigo 76 da Ordenanza Municipal de Circulación.

2.- Cada servizo prestado será obxecto de liquidación de conformidade co informe do Servizo correspondente.

3.- Con independencia da liquidación, e se as circunstancias así o aconsellaran, o Departamento municipal competente para concede-la autorización poderá esixi-la constitución de fianza previa, para responder dos deterioros que, como consecuencia das actividades desenvolvidas, poderán producirse nos bens ou instalacións municipais. A contía da fianza será estimada polo Servizo Técnico Municipal que corresponda e devolta ó interesado unha vez comprobada a inexistencia de danos.



4.- O pago das liquidacións derivadas da aplicación da presente Ordenanza poderá ser aprazado ou fraccionado nos termos previstos nas Bases de Execución Orzamentaria”.

INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

Artigo 9:

En todo o relativo á clasificación das infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, estarase ó que se dispón na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente Ordenanza queda derogada a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Servicio de Organización de Espectáculos e Festivals.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2015, e comenza a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fecha modificaciones anteriores:

Publicado BOP (novo texto): 22/12/1999

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007

PUBLICADO BOP: 26/12/2008

PUBLICADO BOP: (modificac. tarifas): 19/03/2012

PUBLICADO BOP: (modif. tarifas e art. 5): 11/02/2013

PUBLICADO BOP : 30/12/2013

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 29/12/2015